

CABALO DIÑEIRO

[Pedro Costa, 2014]

OS OLLOS VERDES
ESTREA EN NUMAX: 23.09.2016 | V.O.S.G. | +7

FICHA TÉCNICA
Cavalo Dinheiro (2014, 104’)
Dirección e guión: Pedro Costa
Reparto: Ventura, Vitalina Tavares Varela, Tito Furtado, Benvindo Tavares, António Santos, Alberto ‘Lento’ Barros, Pedro Tavares, Isabel Cardoso, António Semedo, Luiz Mendonça, Arlindo Pina
Fotografía: Leonardo Simões, Pedro Costa
Montaxe: João Dias
Son: Olivier Blanc, Vasco Pedroso
Montaxe de son: Hugo Leitão, Éve Correa-Guedes
Mestura de son: Branko Neskov
Corrección de cor: Gonçalo Ferreira
Música: Os Tubarões
Produción: Abel Ribeiro Chaves
Produtora: OPTEC, Sociedade Óptica Técnica
Distribución para España: NUMAX Distribución
Idiomas orixinais: Portugués e crioulo caboverdiano

FILMOGRAFÍA
Ne change rien, 2009
Xuventude en marcha, 2006
¿Dónde yace tu sonrisa escondida?, 2001
No cuarto de Vanda, 2000
Ossos, 1997
Casa de lava, 1994
O sangue, 1989

FESTIVAIS
Locarno 2014 (mellor dirección), Atenas 2014 (mellor filme), Mar del Plata 2014 (mención especial), IBAFF 2015 (mellor filme), Cine PE Festival do Audiovisual de Brasil 2015 (mellor dirección, guión e fotografía), Munich 2015 (mellor filme estranxeiro), Filmadrid 2015 (Premio especial da Competición Internacional).

SINOPSE
Nos longos corredores dun hospital, avanza a figura trémula de Ventura, posuído por un soño febril. Lembra o seu Cabo Verde natal, que abandonou na súa xuventude para se gañar a vida en Lisboa, onde, ao igual ca os seus, viviu sempre desprazado. Vitalina, que viaxou a Portugal para asistir ao funeral do seu esposo, recórdalle unha pelexa adolescente na que este acoitelou a outro home. Na mente de Ventura ábrese un pasadizo secreto entre a Lisboa actual e o 25 de abril de 1974. Mentres a revolución ruxe nas rúas, a xente busca a Ventura, perdido no bosque.

“Un conto de fantasmas existencial. Imposíbel desprenderse do seu feitizo”
Eric Kohn, INDIEWIRE

OS OLLOS VERDES: PEDRO COSTA

CABALO DIÑEIRO + AULA OS OLLOS VERDES

Sábado 24 de setembro de 2016 | 11:30h
Entrada de balde previa reserva
Duración estimada: 2 horas



Fotografía: Óscar Fernández Orengo

O pobo unido vencerá vencido

Entrevista a Pedro Costa
Por Miguel Armas

Para falar de *Cabalo Diñeiro* gustaríame comezar polo principio: as fotos de Jacob Riis. O meu interese polas fotos de Riis remóntase a hai moito tempo. Sempre vin filmes e, en paralelo, prestei atención á fotografía. Refirome á fotografía realista, a reportaxe: Lewis Hine, Eugene Richards, Roy DeCarava, Robert Frank, gústanme moito e desde hai tempo.

Jacob Riis é un caso un pouco especial porque el mesmo era inmigrante, chegado a Nova York desde Dinamarca, sen un peso, cun pequeno can que o seguía a todas partes, era un personaxe un pouco chaplinesco... fixo un gran percorrido das rúas de Nova York durante o cal empezou a interesarse pola xente máis humilde, polos seus irmáns e irmás que chegaban a milleiros, acumulando toda unha memoria fotográfica. Definíase como «fotógrafo cidadán». El mesmo describe esta experiencia nun libro moi

importante chamado *How the Other Half Lives*. O outro ensaio capital apareceu máis tarde, *Elogiemos ahora a hombres famosos* de James Agee e Walker Evans. Son dúas obras que todos os cineastas deberan coñecer un pouco, había tempo que quería integrar isto nun filme e non sabía como facelo.

Os espazos de *Cabalo Diñeiro* son case irrecoñecíbeis, sobre todo se os comparamos aos dos teus filmes anteriores, onde os lugares estaban máis ligados á vida dos personaxes. Hai un aire de terror ou fantástico que reina, pedras e corredores e fortalezas de antano, mais creo que vén tamén dunha certa duración que prega e retorce estes espazos. A causa dos meus filmes anteriores, moita xente está demasiado prendada por unha certa imaxinaría mitolóxica do barrio de Fontainhas, barrio que desapareceu, que xa só existe no cinema. Mais tes razón: a forma en que Ventura, Vitalina e os demais entran e saen e viven nos encadres é algo diferente aos outros filmes porque se encontran en espazos que non son os seus (...) son espazos de hostilidade. Prisión, hospital, asilo, fábrica, taller, oficina... lugares de encarceramento. Atravésanos como se pasaran sobre o gume dunha navalla...

NA LIBRARÍA NUMAX
OS LIBROS DE PEDRO COSTA

Elogiemos ahora a hombres famosos, James Agee & Walker Evans. Planeta, 2015
Poesía completa, Georg Trakl. Trotta, 2010
Blake y Mortimer, Edgar P. Jacobs. Norma
Poemas y canciones, Bertolt Brech. Alianza, 2015
The Lines of my Hand, Robert Frank
O livro do desassossego, Fernando Pessoa. Tinta de China, 2015
Los últimos días de la humanidad, Karl Kraus. Hiru Argitaletxea, 2015
Mi último suspiro, Luis Buñuel. Debolsillo, 2015
El Mediterráneo, Fernand Braudel. Autral, 1997
Benito Cereno, Herman Melville. Alianza, 2013
Du cinématographe, Jean Cocteau. Rocher, 2003
Apuntes del subsuelo, Fiodor Dostoievski. Alianza, 2005
El nacimiento del Purgatorio, Jacques Le Goff

Colaboran:




CABALO DIÑEIRO

[Pedro Costa, 2014]

BIOFILMOGRAFÍA

Pedro Costa (Lisboa, 1959) é seguramente o cineasta portugués contemporáneo máis importante. Sendo mozo, abandona os seus estudos de Historia para ingresar na Escola Superior de Teatro e Cinema, onde recibe clases de António Reis, un histórico do cinema portugués e influencia confesa do director. O seu debut en 1989 con *O sangue*, atrae a atención da crítica internacional por un uso innovador da linguaxe cinematográfica que remite a grandes autores da historia do cinema como Robert Bresson ou Nicholas Ray. Cinco anos máis tarde, con *Casa de lava*, Costa aproxímase por vez primeira á comunidade de inmigrantes caboverdianos de Lisboa, un interese que xa non abandona ao longo de toda a súa carreira, en filmes como *Ossos*, *Xuventude en marcha* ou *No cuarto de Vanda*, premiada en Cannes, Locarno, Yamagata ou Cinéma du Réel. Nos últimos anos participa en filmes colectivos xunto a Apichatpong Weerasethakul, Chantal Akerman, Víctor Erice ou Aki Kaurismäki (*O Estado do mundo*, *Centro histórico*) e dedica á cantante francesa Jeanne Balibar o documental *Ne change rien*, o seu único filme estreado en España até a data. Agora, NUMAX Distribución ofrece aos espectadores españois a posibilidade de gozar de *Cabalo Diñeiro*, obra cumio que sitúa a Pedro Costa como un dos meirandes cineastas do noso tempo.



hai tantos gumes visíbeis e invisíbeis espaxeados no filme. É efectivamente un filme sobre a reclusión, comeza no momento en que Ventura é encerrado. Ou encérrase.

Creo tamén que Ventura e os seus colegas dominan menos o tempo. O tempo da súa vida cotiá, o tempo da narración das súas vidas, en fin, o tempo da Historia. Pasamos cara ao lado da memoria, do delirio, da fabulación. Da loucura. Pola miña banda tamén decidín non deixar moito tempo para pensar, nin aos personaxes nin aos espectadores. Estamos na acción e na palabra. Nese sentido, é un filme cercano á serie B dos anos 40-50, de Fritz Lang, André De Toth, Anthony Mann, nos que sofres cada xiro, cada cambio de plano sen sequera poder formular a mínima dúbida.

Mais se hai unha obra á que se pode comparar é *No reconciliados* de Jean-Marie Straub e Danièle Huillet. É un filme coa mesma dinámica da que falaba. Non establece ningunha diferenza entre pasado e presente, mestura todos os tempos e, como en *Cabalo Diñeiro*, só podes miralo en presente, un presente eterno, unha Historia trágica. E quizais esa idea de que a política é unha terríbel e sórdida cadea de tortura e violación.

Noto unha evolución na túa relación cos actores, especialmente Ventura. Como sentiches esta relación ao rodar Cabalo Diñeiro? Moi próxima e ao mesmo tempo moi afastada. Existe un continente descoñecido entre nós. Nunca saberei de abondo e eles nunca me han contar de máis. Ás veces é divertido, outras é triste e desesperante. Mais son estes sentimentos, toda esta experiencia común, este traxecto o que fai os filmes,

eu imaxinando cousas e eles non dándome exactamente o que eu agardo, mais compartindo todo o que é posíbel compartir. Non pertenzo á súa mesma orixe, non sufrín os mesmo cambios, os mesmos desprazamentos psicolóxicos, sociais, xeográficos. (...) Un lote de cousas han permanecer misteriosas tanto para min como para os espectadores. E hai tantísimas preguntas para as que eu non teño a resposta, mesmo cousas que non entendo. Existe sobre todo un sentimento moi forte, moi doloroso, de algo que fracasou e que é o que sentín ao facer este filme: no meu país, para eles, para min... tentamos pensar niso xuntos. Eles cos seus corpos, cicatrices, almas e palabras, eu coa cámara e o magnetófono. E a miña cabeza e o meu corazón.

Que fracasou para ti? O que tiña que mudar. Víbolo os dous, Ventura e eu, ao mesmo tempo, 1974 e 1975. Todo o que non mudou na sociedade do meu país: a inxustiza, a miseria, o proveito sempre asociado á dor... é necesario un traballo moi duro, moi perseverante para combater este empobrecemento, esta corrupción do ideal. A comunidade coa que traballo sabe que as cousas son peores agora que hai cinco anos, dez ou mesmo vinte, as asociacións de barrio que eu coñecía, combativas, novas e enérxicas, convertéronse en axencias de emprego. Todo o mundo resignouse. Todo dá igual.

O teu filme garda unha relación próxima ao discurso de emancipación da Revolución dos Cravos, pero é ao mesmo tempo o seu reverso... Imos por outro camiño. Penso que, máis ca tentar lembrar, este filme fai todo o posíbel por

esquecer. Coido que a emancipación sería iso tamén: non esquecer o esquecemento. É igual de importante.

Os feitos da Historia: en abril de 1974 eu era un mozo de 13 anos, participei marabillado na revolución, corrín polas rúas, proclamei os inxenuos lemas de turno. Empezaba a vivir, descubrín, ao mesmo tempo, a política, as mozas, a música, o cinema... e non moi lonxe, a algúns centos de metros, Ventura estaba aterrORIZADO no alto do seu andamio. El e os seus irmáns caboverdianos, angolanos, guineanos non comprendían eses movementos das forzas armadas, a multitude cantando, ocupando fábricas, botando aos xefes. Non querían máis ca traballar, traballar a calquera prezo, aforrar para facer vir as súas mulleres e fillos do seu país. Tiñan medo de que os expulsaran, de perder o seu contrato de traballo que a miúdo era o seu verdadeiro pasaporte... a maioría eran clandestinos, como clandestinas eran as barracas que construían na periferia de Lisboa durante as fins de semana. En consecuencia agochábanse, saían moi pouco dos seus guetos. En 1975 había unha considerábel poboación africana en Lisboa. Un día fun á biblioteca consultar os xornais da época: nas fotos das inmensas multitudes e das manifestacións non atopei nin un só rostro de raza negra.

Como se produciu o encontro con Vitalina? Facíanme falta dous ou tres planos de recordo do vello barrio e empecei a buscar pequenas calexas e interiores de casas preto de Fontainhas. De súpeto apareceu Vitalina, convidoume a entrar e expliqueille o que quería, filmar na súa casa, facer un ou dous planos. Contoume a súa historia, acababa

de chegar de Cabo Verde e non falaba portugués. (...) Interesoume que ela non quixera aprender o portugués, teño a sensación de que pensa que non serve para nada, que chegou demasiado tarde... no mellor dos casos vai traballar facendo a limpeza e xa sabe o que ten que facer nesa situación. O mesmo ocurría con moitas mulleres que coñecín na illa do Fogo, en Cabo Verde. Están condenadas, saben que sempre chegarán tarde de máis. Como dicía Marker en *Sans Soleil*, pertencen a ese «pobo vertical, o pobo da espera».

Querías facer un filme musical. Podes falarme un pouco máis desa idea de traballar con Gil Scott-Heron? Efectivamente Scott-Heron atopábase no inicio deste proxecto. Era un dos máis importantes poetas, compositores, músicos e activistas negros. Xunto aos Last Poets é unha caste de pai do rap. Envieille un DVD de *Xuventude en marcha*, porque sempre que estaba con Ventura o seu rostro lembrábame ao de Scott-Heron. En 2012 coñecémonos, gustáranlle moito *Xuventude en marcha* e *No cuarto da Vanda* e recoñeceuse de inmediato en Ventura. Despois dalgúns intercambios por email, díxome que quería rapear con Ventura. El en inglés e Ventura en crioulo caboverdiano. En 2011 morreu, así que tiveron que repensar todo o filme. Pode que a longa secuencia no barrio coa canción *Alto Cutelo* d’Os Tubarões sexa unha pegada, un recordo desta orixe musical do proxecto. Tería sido algo moito máis abstracto, menos narrativo dalgún xeito, non o sei...

Tradución ao galego: Xan Gómez Vías

Filme subtitulado ao galego por NUMAX grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org